Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/05/2017 11:37**  
**Nº Rexistro: 9346**  
Data envío: 22/05/2017 11:37:20.048

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 11:32:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 11:32:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 11:32:41**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os vindeiros días 29 e 30 de maio vai ter lugar en Vila Real (Portugal) a XXIX Cimeira Ibérica, presidida polos presidentes dos gobernos de Portugal e España. O anterior cumio tivo lugar en Baiona no mes de xuño de 2015 e nel aprobáronse uns acordos que tiveron un escaso desenvolvemento no que ten que ver coa interrelación Galiza-Norte de Portugal e outros temas de vital importancia para o noso país.

O pasado luns 15 de maio tivo lugar en Braga a xuntanza do plenario da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, no que o presidente da Xunta de Galiza asumiu a presidencia rotatoria do organismo por un período de dous anos.

Nesta xuntanza, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que os gobernos español e portugués xa contaban cunha lista de demandas conxuntas galego portuguesas en distintos eidos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Que demandas trasladou o goberno galego, ben directamente ben através da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, para a súa aprobación na Cimeira de Vila Real?

-Cales son os obxectivos, prioridades e liñas de actuación da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal no período de presidencia galega 2017-2019?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 11:42:36**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 11:42:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 11:42:47**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 11:42:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 11:42:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 11:43:00**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os vindeiros días 29 e 30 de maio vai ter lugar en Vila Real (Portugal) a XXIX Cimeira Ibérica, presidida polos presidentes dos gobernos de Portugal e España. O anterior cumio tivo lugar en Baiona no mes de xuño de 2015 e nel aprobáronse uns acordos que tiveron un escaso desenvolvemento no que ten que ver coa interrelación Galiza-Norte de Portugal e outros temas de vital importancia para o noso país.

O pasado luns 15 de maio tivo lugar en Braga a xuntanza do plenario da Comunidade de Traballo Galiza Norte de Portugal, no que o presidente da Xunta de Galiza asumiu a presidencia rotatoria do organismo por un período de dous anos. Nesta xuntanza, o presidente da Xunta de Galiza anunciou que os gobernos español e portugués xa contaban cunha lista de demandas conxuntas galego portuguesas en distintos eidos. Por outra parte, fixo referencia aos principais obxectivos da Comunidade de Traballo para o período 2017-2019.

Nun espazo máis amplo, o das relacións con Portugal e a Lusofonía, desde o ano 2014 contamos con unha ferramenta, a denominada Lei Paz Andrade, (*LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*), que posibilita o afianzamento das relacións sociais, económicas, culturais e lingüísticas



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

entre Galiza e os países de lingua portuguesa. Malia as enormes posibilidades que abriu esta iniciativa, os resultados semellan moi cativos.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Cal é a estratexia do goberno galego en relación con Portugal e os países de fala portuguesa para afortalar e impulsar as relacións sociais, económicas, culturais e lingüísticas?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 12:58:20**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 12:58:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 12:58:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 12:58:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 12:58:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 12:58:42**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Coa chegada do verán, dende hai anos o Sergas tende a planificar “á baixa” a asistencia sanitaria considerando menor nivel cuantitativo do servizo, o que se amosa en termos de camas dispoñibles e en número de traballadores/traballadoras nos centros sanitarios, especialmente nos hospitais.

A rede de hospitais de Galicia ten algo máis de 7.000 camas en total. Habitualmente os centros hospitalarios galegos perden o uso de máis de 1.000 camas entre xuño e setembro. Profesionais do sistema sanitario estimaron en 1.200 as que foron pechadas no ano 2016 (*Enfermeros denuncian el cierre de 1.200 camas hospitalarias en verano en Galicia; 12.07.2016 La Opinión; Los hospitales gallegos tendrán 1.200 camas menos este verano; 30.05.2016 Cadena Ser*).

Tamén a cantidade de persoal traballando no Sergas chegada a época do verán é notoriamente menor que no resto do ano. A correlación habitual establécese co peche de camas, de forma que se reduce o servizo coa argumentación de que hai menos pacientes, conquerindo como gran vantaxe que o investimento en sanidade é menor. O verán é, naturalmente, o período de vacacións dos e das profesionais, e a contratación eventual supón a ferramenta que sería necesaria para cubrir as baixas producidas por estas vacacións. A propia Consellería de Sanidade ten estimado nun 20 % o volume de contratación temporal dentro do propio Sergas durante o global do ano, non entanto os sindicatos teñen apuntado a volumes maiores, sendo difícil coñecer a realidade concreta debido á opacidade dos datos oficiais. En verán, estes porcentaxes elévanse polas substitucións, pero non son cubertas todas as necesidades.

 Grupo Parlamentario

O verán supón, en definitiva, unha época de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios para ter menores demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pode garantir o Goberno galego que a atención sanitaria en Galicia está durante o verán ao mesmo nivel que o resto do ano?
2. Cantas camas estarán sen uso habitual durante o período de verán segundo a previsión da Xunta de Galicia?
3. Cal é o volume medio de ocupación de camas no conxunto de centros hospitalarios de Galicia durante todo o ano? E durante a época de verán?
4. Que volume de persoal se contratará no Sergas para cubrir, durante o verán, as substitucións dos e das profesionais que collen as súas vacacións?
5. Pode garantir a Xunta de Galicia que existe o mesmo número de profesionais sanitarios en servizo durante o verán que durante o resto do ano?
6. En base a que criterios e/ou informacións se planifica e documenta a dotación de recursos (especialmente persoal e camas) no verán para o Sergas? Existe documento desa planificación?
7. Como valora o Goberno galego as reclamacións e reivindicacións dos profesionais solicitando o non peche de camas e a redución de persoal nos centros hospitalarios durante o verán?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 12:59:26**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 12:59:32**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hoxe, a fibromialxia se define por cadros de dor muscular, esquelético, crónico e xeneralizado. Descoñécese con claridade a súa orixe i é unha enfermidade recoñecida por todas as organizacións médicas internacionais e pola Organización Mundial da Saúde (código M79.9 da clasificación CIE-10) como unha enfermidade de reumatismo non articular.

Existen diversos estudos sobre a súa prevalencia, que ofrecen datos entre o 1 % e o 4 % da poboación, afectando en maior medida a mulleres, sendo a causa máis frecuente de dor osteomuscular xeneralizado e crónico. Calcúlase que en Galicia poden existir en torno ás 30.000 persoas afectadas.

Existe dificultade para o seu diagnóstico, polo que apúntase a existencia dun gran número de persoas afectadas sen estar aínda diagnosticadas. Tamén o tratamento constitúe un problema relevante, pois a enfermidade afecta de maneira importante á calidade de vida das persoas que a sofren e a todos os seus ámbitos de desempeño, incluíndo o eido laboral, social e incluso familiar. Por iso a súa abordaxe debe ser non unicamente dende unha perspectiva sanitaria.

No ano 2003 o Ministerio de Sanidad y Consumo elaborou un documento sobre a enfermidade no que recollía as directrices de diagnóstico e tratamento para difundir entre os familiares, profesionais sanitarios e poboación en xeral para facilitar o coñecemento sobre a enfermidade. Este documento foi actualizado en 2009 por indicación do Consello Interterritorial, para incluír os avances e adaptalo ao tratamento e diagnóstico da patoloxía. En 2011 o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales y Consumo revisou e actualizou os coñecementos sobre a enfermidade para mellorar os procesos de diagnose e tratamento.



 Grupo Parlamentario

A pesar dos avances, queda moito por facer no terreo da fibromialxia, tanto dende a abordaxe médica como da difusión e información relativa á mesma ou, incluso, no recoñecemento da súa incapacitación de cara ao desenvolvemento da actividade laboral das persoas que a padecen.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego algunha estratexia definida para mellorar a diagnose e tratamento da fibromialxia?
2. Ten algunha estimación oficial a Xunta de Galicia do número de casos de persoas afectadas por fibromialxia en Galicia?
3. Que valoración lle merece ao Goberno galego a posible consideración da fibromialxia a efectos da incapacitación laboral, necesidade de adaptación ou cambio de posto de traballo?
4. Ten constancia o Goberno galego da existencia de investigación de carácter biosanitario en Galicia que estea a traballar sobre a fibromialxia?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 13:05:26**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 13:05:32**

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada PO-255 Pontecaldelas – Petán de titularidade autonómica, no tramo que comeza no lugar de Maceira, concello de Covelo, entre os puntos quilométricos 31,120 e 31,530, adoece de moitos problemas de seguridade viaria ós que se teñen que enfrontar os veciños e as veciñas, usuarios e usuarias da vía cada día.

Entre outras cuestións cabe subliñar:

- A carencia de beirarrúas, que pon en serio perigo o tránsito de peóns nunha zona poboada e consolidada como núcleo.
- A falta de canalización das augas nas beiras, que provoca o desborde dalgúns regatos naturais nos días de choiva por enriba da vía, co conseguinte deterioro do firme , problemas de paso para os peóns e perigosidade na condución.
- O deficiente pintado da vía, non atopándose delimitados os carrís de circulación no lateral e polo tanto sen beiravía.
- Existencia de zonas do vial con contencións do terreo insuficientes que están a provocar a disgregación e corremento do vial.
- Zona de risco alto de accidente na conexión coa estrada provincial 5104 Maceira – San Salvador de Prado, por tratarse dun enlace nunha curva con pintado confuso e con visibilidade moi limitada.
- Inexistencia de pasos de peóns ou medidas de calmado do tráfico.

Esta situación levou aos veciños e veciñas da zona a solicitar en repetidas ocasións melloras nese tramo de apenas 400 metros para evitar atropelos e accidentes, e máis tratándose dunha vía que da servizo a moitas persoas usuarias, especialmente no verán pola súa conexión estratéxica entre Avión e Vigo.

 Grupo Parlamentario

Así mesmo recóllese unha demanda realizada por toda a corporación municipal do concello de Covelo e apoiada por todos os grupos xa no ano 2015.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece o Goberno galego a situación deficitaria do tramo da estrada PO-255, entre os puntos quilométricos 31,120 e 31,530, a inexistencia de beirarrúas, pintado deficitario, e carencia total de medidas de seguridade viaria?
2. Considera que esta estrada está preparada para dar un correcto servizo a peóns e persoas usuarias de automóbiles sen poñer en risco a seguridade das persoas?
3. Ten pensado acometer obras de mellora de seguridade viaria nesta estrada e durante o ano 2017?
4. Considera necesaria a creación da rotonda que mellore o enlace e carencia de visibilidade entre a PO-255 e a estrada provincial 5104?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilá Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 22/05/2017 18:35:52**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/05/2017 18:35:57**



 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/05/2017 18:36:02**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Comercio, Enerxía e Turismo**.

O fracaso do concurso eólico promovido polo Goberno do Sr. Feijóo no ano 2010 é un feito, a pesar da publicidade e a propaganda. En Galicia, dende 2010, tan só se instalaron 50 MW adicionais aos 3.200 xa en explotación. A Comunidade Autónoma ten pendente de desenvolvemento unha bolsa total de parques eólicos cunha potencia duns 2000 MW. Aínda que algúns aínda sen iniciar a súa tramitación.

Fai máis de dous anos que non se constrúe un novo parque eólico en Galicia. O último, púxose en marcha a finais de 2014, tras case un decenio de parálise no sector, que se mantivo nos últimos dous anos, a excepción de algunha pequena re-potenciación en instalacións antigas.

Fontes do Goberno galego sinalan que hai xa 24 parques autorizados ao amparo de esa macro-adxudicación, cunha potencia conxunta de 582,5 MW e unha inversión prevista de 740 millóns de euros, recordemos que se falaba no momento da aprobación de 6000 millóns de euros de investimentos e entorno aos 2400 MW de potencia instalados.

O pasado día 17 de maio, produciuse en Madrid una poxa de incentivos ás renovables. Aínda que as empresas promotoras non obterán primas para os parques que desenvolvan dentro desa convocatoria, xa que cobrarán a enerxía que xeren a prezo de mercado; asegúranse, un chan mínimo de 42 euros/MW, para os momentos nos que as cotizacións baixen demasiado.

Atopámonos ante unha garantía que non existía nas anteriores poxas e que pode impulsar o desenvolvemento de proxectos pendentes en Galicia, como sinalan diversos axentes económicos. Nesta poxa, empresas que obtiveron potencia a instalar, como Enel, Gas Natural Fenosa ou Norvento, teñen xa adxudicada potencia do concurso do ano 2010, e mesmo potencia concedida de antes.

 Grupo Parlamentario

Coa nova ordenación estatal, estas empresas que tiveron adxudicacións no ano 2010, e que estean aínda pendentes de execución, necesitan obter MW nas poxas que organiza o Ministerio para desenvolver os seus parques, co que o resultado da última poxa pode ser unha boa ocasión para comezar a construír de novo parques eólicos en Galicia logo de anos de parálise total. En todo caso, no afán recentralizador do Goberno de España, as empresas que obtiveron MW na poxa non teñen absoluta liberdade para decidir onde situarán os seus parques porque a decisión non depende só das empresas. Elas propoñen a mesma, pero é o Ministerio de Enerxía quen ten que facer a derradeira autorización.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Mantivo contactos o Goberno galego co Goberno de España á hora de definir os parámetros da poxa de incentivos ás renovables celebrada o 17 de maio?
2. De ser así, cal era a posición do Goberno de Galicia?
3. Que valoración fai o Goberno galego do resultado da poxa?
4. Ten establecido contactos o Goberno galego coas empresas que tiveron adxudicacións de MW eólicos nesta poxa, e que xa tiña concedidos MW no concurso eólico de 2010?
5. Que vai a acontecer cos plans industriais vencellados ás concesións de MW no concurso de 2010?
6. Nos casos de Enel e Gas Natural Fenosa, que teñen posibilidades de instalarse noutras comunidades autónomas, vai desenvolver algunha estratexia concreta o Goberno galego?
7. Vai solicitar o Goberno galego ao Goberno de España, que despois de case 10 anos de parálise do sector eólico, favoreza a instalación de parques eólicos en Galicia a aquelas empresas vencedoras na poxa, e que teñen parques autorizados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/05/2017 19:24:47**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/05/2017 19:24:58**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.



Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuizos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas?
2. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante o ano 2017 o número de puntos de encontro familiar na nosa comunidade autónoma?
3. En caso afirmativo, cal será a situación destes novos puntos de encontro?
4. Vai a reforzar a Xunta de Galicia os medios humanos e materiais cos que contan na actualidade os puntos de encontro familiar?
5. En caso afirmativo, cal vai ser o incremento orzamentario que o Goberno galego vai dedicar para reforzar estes espazos?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2017 10:38:04**

 Grupo Parlamentario

**Julio Torrado Quintela na data 23/05/2017 10:38:10**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2017 10:38:15**

**María Luisa Pierres López na data 23/05/2017 10:38:20**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Juan José Merlo Lorenzo**, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) como organismo autónomo dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), ten asignadas as competencias nas concas fluviais intercomunitarias e internacionais. En Galicia é competencia da CHMS a conca do Limia (Ourense).

A Limia é unha comarca cunha poboación actual de aproximadamente 19.000 persoas que fundamenta a súa economía nos sectores agrícola e gandeiro que funcionan baixo un modelo de produción de carne moi estrito.

A cabana gandeira era de 62.547 UGM no ano 2009, polo que tendo en conta o seu ritmo constante de crecemento, na actualidade alcanzaría xa as 75.000 UGM, que en produción de residuos equivalen a unha poboación de 1.400.000 - 1.600.000 persoas. Noutras palabras: á metade de toda a poboación de Galicia concentrada en só o 1% da súa superficie. Este parágrafo é un extracto do informe elaborado polo Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

A continua deterioración ambiental que sofre esta comarca vén sendo ignorado por todas as administracións, incluída a Xunta de Galicia, desde antes da creación desta.

Primeiro foi a disecación da lagoa de Antela, despois aumentouse en gran medida o número de granxas, tamén a agricultura ten o seu parte. Isto fai que nestes momentos a situación sexa insustentable. Excedéronse todos os límites.

A día de hoxe, as máis de 350 granxas de porcos e aves producen montañas de residuos con elevada carga orgánica que de non tratarse xera, como o está facendo, un importantísimo problema ambiental que a terra non é capaz de asumir, nun terreo chairro, facilmente inundable, que cando chove os excrementos terminan sendo arrastrados ao río Limia.

A escorrentía que se produce en determinados sistemas de rega, principalmente por superficie e en ocasións por aspersión, é un elemento que contribúe notablemente á contaminación das augas superficiais, xa que na maior parte dos casos a auga de escorrentía vértese directamente aos cursos de auga.

Cando a auga superficial contén unha gran cantidade de nutrientes, pódese producir un serio problema denominado eutrofización. Consiste basicamente nun desenvolvemento espectacular da vexetación que vive nas augas como consecuencia dunha excesiva cantidade de nitróxeno nelas. Así mesmo, cando esa vexetación morre, descomponse, consome osíxeno da auga e provoca a morte da fauna acuática da zona.

O nitrato do chan móvese disolto en auga, polo que en sistemas de regadío, a perda de nitratos desde a zona ocupada polas raíces do cultivo ata zonas máis profundas contaminando as augas subterráneas pode ser moi elevada.

É o proceso que se coñece como lixiviación ou lavado de nitratos e está orixinado pola filtración profunda ou percolación producida coa rega.

Dependendo do método de rega e á súa vez dos distintos tipos dentro de cada método, o lavado de nitratos será moi variable, pero en xeral pódese afirmar que existe maior risco en rega por superficie e en rega por aspersión nos que a percolación da auga pode ser elevada, mentres é moi raro que se produza en rega localizada.



Para evitar que a auga pase a zonas máis profundas do chan en cantidades excesivas, é necesario evitar no posible as perdas por percolación e realizar a rega con alta uniformidade. Tamén é preciso ter en conta o contido en nitratos da auga que se usa para regar, porque en ocasións tanto as achegas como os lixiviados de nitratos dependerán de tal contido.

Actualmente se está a executar un proxecto chamado LIFE Rexenera Limia que consiste na retención, filtrado e asimilación de nutrientes a través de métodos naturais financiado con fondos europeos (LIFE) e conxuntamente con socios como ecolagunas (como socio tecnolóxico) e outros públicos como o INORDE, a Deputación de Ourense ou a "D. G. de Conservación de la Naturaleza" ou privados.

Con todo isto parece que ao presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Francisco Marín, non lle gusta falar de multas, de expedientes, de impoñerse con man dura contra os excesos da intensa actividade agrícola e gandeira da comarca da Limia. Tampouco se ve que nin a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez Mejuto, ou á de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero, teñan a máis mínima intención de aplicar a lei sobre calidade de augas para a rega ou de residuos respectivamente. O simple feito de ignorar un problema que leva décadas na prensa pode derivar nunha responsabilidade patrimonial por abandono de funcións.

A todo isto hai que sumar que existen na Limia dúas figuras de protección ambiental como son a ZEPA A Limia e o LIC Veiga de Ponteliñares ocupados na súa maioría por terreos agrícolas (77% e 54% respectivamente) e que están a ser regados con augas contaminadas con nitratos, ademais de ser abonados con xurros e esterco con elevadísima carga de nitróxeno e outros contaminantes.



Por todo o exposto, o grupo Parlamentar de En Marea presenta, para a súa resposta oral en Comisión, as seguintes preguntas:

1. Desde cando son coñecedoras as consellerías de Medio Rural e de Medio Ambiente do problema derivado do ilegal tratamento (ou abandono) de xurros e excrementos de produción gandeira na comarca da Limia e dos problemas ecolóxicos que orixinaron en toda a conca?
2. Que actuacións teñen pensado emprender, máis aló de unirse e financiar con diñeiro público a restauración ambiental que debería ser sufragada por quen contaminou e así non privatizar os beneficios e socializar os custos?
3. Están informando de todas estas cuestións á poboación da comarca da Limia?
4. Pensan deixar seguir regando coas augas contaminadas por nitratos os cultivos para consumo humano nunha comarca que non está a mostrar signos de recuperación senón máis ben de continua deterioración ambiental?
5. teñen resultados contrastados e auditados dos resultados do Proxecto Rexenera Limia cuxa data de finalización está prevista para xuño deste ano 2017?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo,  
Deputado do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 23/05/2017 13:18:17**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A veda do polbo comeza o 19 de maio e durará ata o 3 de xullo. Durante este período non se poderá capturar esta especie.

O polbo non é alleo o furtivismo, un problema dos máis grandes co que se enfronta o sector pesqueiro e marisqueiro en Galicia. A existencia de furtivos que extraen e comercializan especies do mar provoca varios problemas que terminan por afectar, de maneira directa ou indirecta, ao traballo desenvolvido legal e disciplinadamente polas persoas que se dedican a esta actividade profesionalmente. Unha das consecuencias máis inmediatas e obvias do furtivismo, ademais de xerar unha economía ilegal, é a sobreexplotación das especies, que provoca graves danos sobre todo na rexeneración do seu proceso biolóxico.

Con motivo do inicio das vedas, neste caso a do polbo, sempre se producen queixas por parte do sector, dada a desvantaxe económica que se xera entre os que respectan a normativa vixente e os que a incumpren practicando o furtivismo, actividade que agocha un lucrativo negocio ilegal.

Por todo isto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten previsto implementar o Goberno galego para garantir o cumprimento da normativa establecida ao respecto das vedas co fin de loitar contra o furtivismo?

2ª) Considera o Goberno galego que a vixilancia durante a veda do polbo é unha responsabilidade das confrarías ou propia da Administración autonómica?



 Grupo Parlamentario

3ª) Que tipos de incidencias se rexistraron durante a vixencia do Plan experimental para a xestión do polbo con nasa para a campaña 2016-2017?.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4ª) Que medidas de control existen respecto do tempo de permanencia das nasas caladas?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 23/05/2017 13:20:16**

**Julio Torrado Quintela na data 23/05/2017 13:20:34**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre as condicións de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para o ano 2017 .

O pasado 27 de Abril publicouse no DOG a Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e procedese á súa convocatoria para o ano 2017. Unha orde que non só se publicou con dous meses máis de retraso respecto á convocatoria previa, reduciu o seu número das 55 bolsas dispoñibles na modalidade A en 2016 a 51 na presente convocatoria, senón que incluíu cambios importantes respecto aos requisitos de acceso deixando fóra a unha morea de posibles solicitantes.

Dunha banda reduciuse o prazo temporal no que a persoa candidata acadara o título de doutoramento. Así, se na convocatoria do ano 2016 se establecía o requisito de que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2010, na convocatoria deste ano retrasouse ao 1 de xaneiro de 2012. Pero o máis



relevante foi a introdución dun requisito novo respecto á temporalidade dos títulos previos de licenciatura ou graos, novo para as convocatorias galegas, e tampouco incluído en convocatorias homologables do Estado:

*Artigo 2.b) Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006*

Tendo en conta que estas bolsas están supostamente orientadas a aquelas persoas que recentemente remataran a súa tese doutoral, para que poidan continuar a súa carreira investigadora, resulta que persoas que remataran o doutoramento en prazo poden quedar fóra polo tempo no que remataran a licenciatura. Un requisito inxusto, posto que nada ten a ver co obxectivo da bolsa e que prexudica claramente a quen non puidera ter comezado a carreira investigadora ao momento de rematar os seus estudos.

Ante esta situación, o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cales son os motivos que xustifican deixar fóra desta convocatoria a aquelas persoas que remataran a súa licenciatura antes de 2006?
- 2.<sup>a</sup>) Por que se introduciu este novo requisito?
- 3.<sup>a</sup>) Cales foron os motivos que explican o atraso na convocatoria?



4.<sup>a</sup>) Considera o goberno galego que reducir o número de bolsas é unha boa maneira de comprometerse coa investigación no noso país?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 23/05/2017 14:06:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2017 14:06:35**

### Á Mesa do Parlamento

**Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**, relativa ao Campo de tiro de Vilar da Fraga, Soandres (Laracha).

A preocupación crecente da cidadanía pola conservación dos bosques e do bosque autóctono galego fundamentan a inquietude desta entidade polo que ocorre no bosque de Vilar de Fraga. A resiliencia do bosque autóctono fronte ao cambio climático convérteno nun valor que debe ser preservado e mellorado, máis non eliminado. A Consellería de Medio Ambiente e a Consellería do Medio Rural están a ignorar día si e día tamén o valor dos bosques como fontes de biodiversidade e de resistencia ao cambio climático, a súa función social e multifuncionalidade. O que pasou e continua a pasar en Vilar da Fraga a día de hoxe, é a representación dunha administración da Xunta de Galicia e dunhas consellerías que traballan e actúan de costas a a realidade, obviando o cambio climático, a importancia ambiental, social e cultural do bosque autóctono galego e a vontade da cidadanía. Por estes motivos necesitamos comprender cal é a postura tanto da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación del Territorio como da Consellería do Medio Rural con respecto aos bosques, o cambio climático e o bosque autóctono galego. Tamén preocupa o desleixo da Administración con respecto ao río Anllóns, un río (Rede Natura) afectado por el campo de tiro, polo chumbo e que é



fundamental para a saúde das poboacións dos municipios ribeireños e da ría de Corme-Laxe.

Por todo o exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que informou ao respecto do campo de tiro de Vilar da Fraga, no municipio de Laracha (A Coruña) a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación ao bosque afectado, ás árbores autóctonas, a afección a a Rede Natura (río Anllóns) e o impacto climático, as medidas adoptadas ao respecto para combater o cambio climático no que estamos inmersos, a afección do chumbo ao río Anllóns e a saúde humana, a eliminación da funcionalidade dos chans e do bosque, os danos irreversibles ao bosque e as medidas para adoptar para conservar o resto do bosque que queda e as medidas a adoptar pola Consellería para evitar que se continúe a talar as árbores que quedan?
- Que informou no expediente ao respecto do bosque autóctono a Consellería do Medio Rural?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 23/05/2017 16:48:15**

**Antón Sánchez García na data 23/05/2017 16:48:23**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/05/2017 16:48:32**



**Paula Vázquez Verao na data 23/05/2017 16:48:44**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2017 16:48:47**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 23/05/2017 16:48:53**

**Eva Solla Fernández na data 23/05/2017 16:48:56**

**Luca Chao Pérez na data 23/05/2017 16:48:59**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/05/2017 16:49:02**

**Magdalena Barahona Martín na data 23/05/2017 16:49:04**

**José Manuel Lago Peñas na data 23/05/2017 16:49:07**

**Francisco Casal Vidal na data 23/05/2017 16:49:10**

**David Rodríguez Estévez na data 23/05/2017 16:49:13**

**Marcos Cal Ogando na data 23/05/2017 16:49:16**

## Á Mesa do Parlamento

**Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**, relativa á píllara das dunas na Costa da Morte.

A fragilidade da píllara das dunas na Costa da Morte, a solicitude de prohibición con carácter xeral de actividades recreativas multitudinarias nas Zonas 1 e 2 dos espazos naturais declarados Zonas de Especial Conservación da Rede Natura 2000, polos prexuízos á integridade dos lugares e polos impactos significativos sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidos) e, por conseguinte, por ser contrarios aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000. O caso paradigmático do macrofestival chamado "Festival V de Balarés" desenvolvido en zona 1 da Rede Natura e que na edición do ano 2016, incumpriu de xeito flagrante os termos da autorización, permitindo a organización as acampadas fóra da zona de autorización e prolongándose o evento máis días dos autorizados pola Consellería o que deu incluso lugar á incoación de expediente sancionador por parte do Seprona.

A aldea ou lugar de Balarés é grande. Por que entón non se celebra o macrofestival noutra área do lugar que non sexa a praia e evitar así situacións de risco para a píllara das dunas?





Por todo o exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cales foron as medidas que adoptou á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación aos incumprimentos dos condicionamentos por parte da Fundación Eduardo Pondal da Resolución asinada o 10 de xuño de 2016 pola Xefa Territorial Cristina Carrión Rodríguez, que autorizaba o Festival de Baláres, poñendo en perigo e en situación de risco, como así foi no ano 2016, a protección do cordón dunar, a protección das praias e o ecosistema de Balarés contemplado como Zona 1 da Rede Natura Costa da Morte, como ZEC, ZEPVN e ZEPA?

Que perspectivas hai de que este ano se volte a celebrar de novo nese enclave?

Cal é a situación da pílula das dunas nesa área este ano con respecto aos anteriores e se a Consellería vai a seguir permitindo a celebración deste tipo de eventos ou similares nas zonas 1 e 2 da Rede Natura?

De ser o caso, por que o fai ou cal é o motivo do incumprimento da norma por parte da Administración da Xunta de Galicia?

Por que o evento musical non se realiza e autoriza noutro lugar máis apropiado e sen prexuízos para a Rede Natura e as especies obxecto de protección posto que a aldea de Balarés é grande e non se ciñe so as dunas e a praia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017.



**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 23/05/2017 16:49:42**

**Antón Sánchez García na data 23/05/2017 16:49:51**

**Carmen Santos Queiruga na data 23/05/2017 16:50:02**

**Paula Vázquez Verao na data 23/05/2017 16:50:13**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/05/2017 16:50:17**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 23/05/2017 16:50:22**

**Eva Solla Fernández na data 23/05/2017 16:50:25**

**Luca Chao Pérez na data 23/05/2017 16:50:28**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/05/2017 16:50:31**

**Magdalena Barahona Martín na data 23/05/2017 16:50:34**

**José Manuel Lago Peñas na data 23/05/2017 16:50:36**

**Francisco Casal Vidal na data 23/05/2017 16:50:40**

**David Rodríguez Estévez na data 23/05/2017 16:50:43**

**Marcos Cal Ogando na data 23/05/2017 16:50:45**

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A orde do 7 de abril de 2017 que regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2017, establece que a “Consellería de Política Social, en aplicación do principio da transversalidade das políticas en materia de discapacidade, considera pertinente que, ademais das actuacións específicas dirixidas ás persoas con discapacidade, se teñan en conta as necesidades e demandas destas persoas nas políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, como é o ámbito de actuación das políticas dirixidas á xuventude galega”. A referida Orde, na súa exposición de motivos, declara a moi encomiable pretensión de alcanzar a inclusión dos mozos e mozas con discapacidade, favorecer a interacción e a convivencia entre toda a mocidade.

Non obstante, no art. 3.3 establece que “para ser admitido no campamento, será necesario non padecer enfermidade con risco de contaxio, nin trastorno de conduta e/ou de comportamento que dificulte a convivencia”.

Desta maneira, establecendo esa exclusión con carácter xeral, sen limitación ou condición algunha, exclúese tamén dos referidos campamentos a calquera persoa moza que padeza trastorno de conduta ou comportamento que dificulte a convivencia. E iso, incluso a pesar de que o dito trastorno ou conduta é precisamente, a causa da súa discapacidade.

Iso dedúcese da mención que se realiza na mesma orde, xa no seu artigo 5, cando se establece:

“As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

## Grupo Parlamentario

a) Facer constar a súa condición no apartado que figura no seu impreso de solicitude, a fin de planificar os apoios persoais necesarios se os precisase.

b) Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

c) Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades para desenvolver no destino que soliciten. A programación de actividades e as características das instalacións de cada campamento poderanse consultar na páxina web de xuventude (([www.xuventude.xunta.es](http://www.xuventude.xunta.es))).

Os requisitos sinalados anteriormente serán condición necesaria para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante no campamento.

As persoas solicitantes con discapacidade que cumpran os requisitos sinalados deben optar, de conformidade co artigo seguinte, por unha destas dúas vías: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, de modo que quedarán excluídas no caso de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.”

Da forma que está redactado e da súa localización, dedúcese claramente que non se establece na referida orde ningunha excepción á rigorosidade da cláusula excluínte prevista no art. 3.3 da Orde.

Resulta así que todas aquelas persoas que tendo un trastorno de conduta que dificulte a convivencia, e aínda que puidesen beneficiarse das actividades para desenvolver no destino, e tivesen capacidade de integración no grupo, quedan expresamente excluídas da posibilidade de participar nos referidos campamentos.

Esta orde supón unha infracción de preceptos constitucionais, de liberdades e dereitos fundamentais e doutras normas do noso ordenamento xurídico.

## Grupo Parlamentario

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego de que a limitación prevista no art. 3.3. da orde do 7 de abril de 2017 supón na práctica que mozos e mozas que conviven diariamente en centros escolares da nosa comunidade autónoma en situación de plena integración poden ser excluídos da súa participación no programa Campaña de verán 2017?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2ª) Por que razón incluíu o Goberno galego a dita limitación?

3ª) Ten previsto o Goberno galego poñer en marcha algún tipo de medida para incluír aqueles colectivos, que tendo en conta o art. 3.3. da orde do 7 de abril de 2017, quedan excluídos da oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2017?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 23/05/2017 17:28:39**

**Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2017 17:28:53**

**Julio Torrado Quintela na data 23/05/2017 17:29:03**

## Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 11 de maio, estima a cuestión de inconstitucionalidade núm. 4864-2016 e, como consecuencia, declara que os artigos 107.1, 107.2) e 110.4, todos eles do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, son inconstitucionais e nulos, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Esta sentenza xa era previsible que se estendera a toda España, posto que o propio Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 16 de febreiro, por unanimidade, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Donostia en relación con varios artigos da norma foral 16/1989, do 5 de xullo, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do territorio histórico de Guipúzcoa.

A norma declarada inconstitucional e nula establece que o imposto sobre o valor dos terreos de natureza urbana se devenga no momento da venda, e que se calcula de forma obxectiva a partir do valor catastral e dos anos de tenencia do terreo (entre un mínimo de un e un máximo de vinte), con independencia do verdadeiro resultado económico da operación.

O Tribunal Constitucional considera contrario ao principio de capacidade económica previsto no artigo 31.1 da Constitución española tributar cando a venda do inmovible non ten proporcionado ganancias, algo que ten sucedido de forma frecuente nos últimos anos, como consecuencia da crise.

A resolución determina que *“en ningún caso poderá o lexislador establecer un tributo tomando en consideración actos ou feitos que non sexan expoñentes dunha riqueza real ou potencial”*. É dicir, o Constitucional non considera constitucionais os impostos que afecten a *“aqueles supostos nos que a*

## Grupo Parlamentario

*capacidade económica gravada polo tributo sexa, non xa potencial, senón inexistente, virtual ou ficticia*”. Polo que se está a someter a tributación situacións de feito que non expresan a capacidade económica, ou que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que a Constitución garante no artigo 31.1.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Indica tamén o Tribunal Constitucional, que corresponde o lexislador, a partir da publicación da sentenza, facer as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Polo que as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno galego dos pasos dados polo Goberno central a prol de realizar as modificacións necesarias sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) tralo fallo da dita sentenza, sempre con previo acordo cos concellos?

2ª) Solicítoulle o Goberno galego ao Goberno central a elaboración dun estudo sobre a perda de ingresos que supón para os municipios a devolución destes ingresos cobrados indebidamente?

3ª) Coñece o Goberno galego se existen e cales son as fórmulas de compensación desta perda de ingresos nas xa febles facendas locais?

4ª) Vai colaborar o Goberno galego cos concellos galegos co obxecto de establecer os mecanismos que permitan atender as reclamacións dos contribuíntes da maneira máis eficaz posible, poñendo en marcha fórmulas que eviten a xudicialización dos procedementos, que provocarían unha saturación dos tribunais, de ser o caso, de que maneira?

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2017



 [Grupo Parlamentario](#)

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2017 11:23:34**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/05/2017 11:23:41**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2017 11:23:49**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2017 11:24:01**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 12:38**  
**Nº Rexistro: 9482**  
Data envío: 24/05/2017 12:38:01.300

## **Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias na xestión das probas de TAC no Hospital de Ourense

O progresivo desmantelamento na sanidade pública por causa das decisións políticas e económicas do Partido Popular e da Xunta de Galiza ten causado unha forte resposta popular e denuncias das persoas usuarias que foron botando luz sobre o que significaron na práctica os progresivos recortes en materia de persoal e servizo ilustrándoos con casos e exemplos concretos, preocupantes e que distan moito de ser illados ou anecdóticos. Neste sentido, por medio de redes sociais, internet, radios, televisión e prensa escrita e dixital fomos coñecendo diferentes situacións ante as denuncias de moitas persoas que conseguiron dar a coñecer o seu caso ou de persoas da súa contorna por estes medios diante da desatención da Administración e da gravidade ou clamor da súa situación.

De entre todos os servizos danados pola política sanitaria do goberno galego resultan especialmente graves aqueles que teñen que ver co tratamento do cancro, unha enfermidade de grande incidencia e na que o tempo e a vixilancia constitúen un elemento fundamental. Malia ser a oncoloxía unha especialidade teoricamente primada no funcionamento da rede sanitaria, numerosas denuncias de persoas usuarias e organizacións de pacientes teñen alertado de inadmisíbeis esperas no complexo



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 12:38**  
**Nº Rexistro: 9482**  
Data envío: 24/05/2017 12:38:01.300

hospitalario de Ourense para a realización de probas TAC de control. As siglas TAC correspóndense con *Tomografía Axial Computerizada* e constitúen un método de exploración radiolóxica para estudar un órgano determinado desde diferentes planos.

Por poñer un exemplo, o 25 de agosto de 2016 o xornal La voz de Galicia recollía na súa edición de Ourense a denuncia dunha paciente do Ribeiro que informaba de como após un control rutineiro no seguimento da curación dun cancro de mama o seu oncólogo solicitara un TAC e recóllese na noticia de forma textual a seguinte afirmación da paciente: “«Ya estoy acostumbrada a que nunca me llamen dentro del plazo que me indica el oncólogo; siempre he tenido que reclamar, pero es que no es un TAC de rutina; ahora mismo es evidente que hay un problema y yo estoy sin tratamiento»”

O pasado 17 de maio o xornal provincial La Región publicaba un artigo de opinión asinado por Dona María Cristina Fariñas Darriba no que dá conta dunha experiencia persoal como acompañante dun enfermo de cancro dirixíndose ao novo Xerente do CHUO e recolle literalmente as seguintes palabras: “nestes últimos meses somos testigos de como non se están a facer as probas diagnósticas no tempo preciso. En particular falo dos TACS. Quero que se saiba que os pacientes teñen que poñer dúas, tres, catro e nalgún caso ata cinco reclamacións en Atención ó Paciente para que lle fagan unha proba que resulta ser á base dos tratamentos, da evolución da enfermidade”. Máis aínda, o 14 de maio de 2017 novas testemuñas saíron na canle da Sexta Televisión sinalan casos persoais con graves retrasos desta proba fundamental.

Ademais, este grupo parlamentar tivo coñecemento de máis situacións deste tipo por parte de testemuños de profesionais e doentes que nos reafirman na idea de que este é un problema crónico en Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 12:38**  
**Nº Rexistro: 9482**  
Data envío: 24/05/2017 12:38:01.300

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Ten coñecemento o goberno galego da situación dos TAC no CHUO?
- Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para corrixir a situación dos TAC no Hospital de Ourense?
- Cantas reclamacións recibiu o CHUO por demora no atendimento de TAC nos anos 2009 a 2016 e nos meses que levamos de 2017?
- Considera o goberno galego xustificada a demora nesta proba en concreto?
- Vai aumentar o goberno galego os recursos dispoñíbeis?
- Ten dialogado sobre o asunto coas asociacións de doentes e co cadro de traballadores e traballadoras do Hospital?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 12:38**  
**Nº Rexistro: 9482**  
Data envío: 24/05/2017 12:38:01.300

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 12:36:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 12:37:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 12:37:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 12:37:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 12:37:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 12:37:16**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 13:15**  
**Nº Rexistro: 9487**  
Data envío: 24/05/2017 13:15:42.720

## **Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao mantemento e mellora da conexión Ourense-Santiago por tren rexional.

As infraestruturas teñen un papel clave na vertebración de calquera territorio e no caso do interior de Galiza deben ademais cumprir un papel na conexión e equilibrio territorial entre poboacións que historicamente sufriron as continuas rebaixas do gasto público por parte do Goberno central do Estado así como tamén por parte da Xunta de Galiza, que adopta un papel pasivo diante do desmantelamento de ferramentas clave como os camiños de ferro.

Neste sentido, os camiños de ferro son unha infraestrutura fundamental que debe ser fomentada tanto polos seus beneficios ambientais como pola súa seguridade e outros elementos positivos. Malia iso, continuos pretextos teñen contribuído a frear ou retardar as principais melloras comprometidas polo Goberno central con Galiza, supoñendo un impedimento para o desenvolvemento do noso país. Ademais, as decisións adoptadas teñen sido negativas para a vertebración territorial de Galiza. Iso foi resultado de facer prevalecer a aplicación do modelo radial-centralista e concentrar na súa promoción unha parte elevada dos recursos dos galegos e galegas e do investimento en infraestrutura ferroviaria primando as conexións con Madrid. Todo isto deixou á cola das prioridades un obxectivo que para o Bloque Nacionalista Galego é primordial: garantir a mobilidade interior de Galiza. De todas as políticas contrarias a favorecer a mobilidade interior, sumando a progresiva privatización da xestión da rede e a renuncia a reclamar a xestión



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 13:15**  
**Nº Rexistro: 9487**  
Data envío: 24/05/2017 13:15:42.720

galega desta infraestrutura clave suman unha progresiva perda de conexións rexionais entre vilas achegadas, o desuso da vía para esta función e a renuncia á súa renovación e á aposta por unha rede de cercanías, especialmente no interior.

Nos últimos anos, a conexión ferroviaria por vía de tren rexional entre as cidades de Ourense e Santiago perdeu tanto puntos de parada como frecuencias de liña. Este progresivo desmantelamento ten consecuencias moi negativas para poboacións coma O Carballiño ou O Irixo, que ven lastradas as súas posibilidades de conexión coas cidades, máis aínda tendo en conta que son potenciais estudantes ou traballadores e traballadoras destas poboacións e que o transporte por outras vías ten moitas limitacións. Ademais constitúe unha infrautilización do potencial da vía e desincentiva a fixación de poboación nestes territorios.

Máis aínda, nas últimas semanas coñécense indicios de que Renfe planea suprimir a liñas que aínda conecta estas poboacións coa reformulación dos horarios de verán.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2ª:

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para favorecer a conexión mediante tren rexional entre Ourense e Santiago e as súas poboacións intermedias?

-Parécelle razoábel ao goberno galego que un veciño ou veciña do Irixo, por exemplo, poida ir a Ourense en tren pero non volver no mesmo día?

-Entende o goberno galego que están explotadas todas as potencialidades da conexión ferroviaria entre dous núcleos como Ourense e O Carballiño tan interrelacionados laboral e socialmente, por exemplo?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 13:15**  
**Nº Rexistro: 9487**  
Data envío: 24/05/2017 13:15:42.720

-Ten demandado o goberno galego dos entes responsábeis as razóns de que a liña existente dea prioridade á conexión con Santiago en lugar da conexión con Ourense cando as poboacións conectadas son máis próximas xeográfica e socialmente a Ourense?

-Vai apostar o goberno galego pola conexión con tren de proximidade entre as vilas e as cidades? Por que?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 13:12:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 13:12:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 13:12:50**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 24/05/2017 13:15**

**Nº Rexistro: 9487**

Data envío: 24/05/2017 13:15:42.720

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 13:12:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 13:12:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 13:12:59**



## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Alvarez Martínez, Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 11 de maio de 2017, aprobouse cos votos a favor do Partido Popular unha iniciativa para modificar o nome do Hospital da Costa para que se converta en Hospital Público da Mariña Lucense.

No debate producido, o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista formulou a cuestión do custo do cambio do nome, en termos de sinalética, papelería, aplicacións informáticas, material sanitario e as diversas cuestións que foran precisas. A pesar desta cuestión, non foi aportada ningunha información sobre o tema.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o custo económico completo do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?
2. Cal é o custo económico en sinalética do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?
3. Cal é o custo económico en papelería (membretes, papel oficial, sobres, tarxetas, formularios, etc.) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?
4. Cal é o custo económico en modificacións informáticas (aplicacións, formularios web, emisión certificados ...) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

 Grupo Parlamentario

5. Cal é o custo económico en cambio de material sanitario (roupa de cama, roupa sanitaria...) do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?
6. Ten a Xunta de Galicia un informe económico do custo do cambio de nome do Hospital da Costa a Hospital Público da Mariña Lucense?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Luis Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
José Antonio Quiroga Díaz  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 24/05/2017 13:47:18**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:47:24**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/05/2017 13:47:29**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 24/05/2017 13:47:34**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 24/05/2017 13:47:39**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mércores 19 de abril publicábase no DOG a *Resolución do 3 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para os anos 2016 e 2017*.

Para esta finalidade, propúñase iniciar unha actuación conxunta da Administración autonómica e das asociacións empresariais ou entidades representativas dun polígono industrial ou parque empresarial onde, a solicitude destas últimas, a Xunta de Galicia financie parte do gasto derivado da construción dunha escola infantil no recinto dun polígono industrial ou parque empresarial e a asociación empresarial ou entidade representativa encárguese da súa xestión.

O crédito orzamentario para a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais é de dous millóns trescentos corenta e tres mil catrocentos sesenta e oito euros (2.343.468 €) con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo cincocentos oitenta e cinco mil oitocentos sesenta e sete euros (585.867 €) ao ano 2016 e un millón setecentos cincuenta e sete mil seiscientos un euros (1.757.601 €) ao ano 2017.

As entidades beneficiarias foron segundo esta resolución, a Fundación Parque Científico Tecnológico Río do Pozo, e a Asociación de empresas do

## Grupo Parlamentario

Polígono Industrial da Tomada, cada unha delas cunha subvención de 200.000 euros, deixando sen executar o 83 % do crédito orzamentario total previsto.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantas solicitudes de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, recibiu a Xunta de Galicia?
2. Das axudas recibidas, cantas foron rexeitadas?
3. No caso de que se rexeitaran algunhas solicitudes de axudas, cales foron os motivos en cada caso?
4. Cal cre a Xunta de Galicia que son os motivos do reducido número de solicitudes recibidas por parte dos parques empresariais e polígonos industriais para a creación de escolas infantís?
5. Tendo en conta o baixo grado de execución do crédito orzamentario para a concesión destas axudas económicas, que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para incrementar o número de escolas infantís de 0-3 anos para a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Abel Losada Alvarez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:54:11**

**Julio Torrado Quintela na data 24/05/2017 13:54:17**



 Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/05/2017 13:54:21**

**María Luisa Pierres López na data 24/05/2017 13:54:27**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de EN MAREA**, a iniciativa das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Magdalena Barahona Martín**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o posible custe para as arcas da Xunta da presentación do informe de KPMG.

O pasado 19 de abril presentouse en Compostela o *Informe Perspectivas España 2017. Edición Galicia*, que estivo a cargo da empresa KPMG.

Durante a presentación, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, salientou as conclusións favorables do estudo para Galicia, destacando aspectos como o PIB crecente, o número de contratacións, a redución da débeda e do déficit. Todos eles uns datos demasiado optimistas e dos que non é nada doado acreditar cando, o devandito informe, dedica a Galicia unicamente 11 páxinas dun total de 67.

Ademais, nesas 11 páxinas, a metodoloxía seguida redúcese á aplicación dun cuestionario para unha mostra totalmente escueta e, polo tanto, non significativa. Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**:



Ten aportado a Xunta de Galicia algunha cantidade económica para a realización deste informe ou os actos de presentación do mesmo ?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Magdalena Barahona Martín

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 24/05/2017 18:08:22**

**Magdalena Barahona Martín na data 24/05/2017 18:08:32**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 18:19**  
**Nº Rexistro: 9512**  
Data envío: 24/05/2017 18:19:41.634

## **Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás listas de espera e a adquisición dun TC e unha RM no servizo de radiodiagnóstico do CHUS.

Os servizos de radiodiagnóstico son considerados servizos centrais, e como tales, realizan as probas diagnósticas, as exploracións, a doentes procedentes do conxunto dos servizos dos centros hospitalarios, desde unidades de hospitalización a consultas externas ou urxencias. Como servizos centrais son os garantes do uso racional e equitativo dos equipos de alta tecnoloxía e dos recursos.

As listas de espera nos servizos de radiodiagnóstico están converténdose en estruturais, son constantes as queixas de doentes e profesionais sobre as tremendas demoras e as consecuencias na saúde das persoas. Un deses centros con moita demora é o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Neste contexto o Bloque Nacionalista Galego foi informado de que a Sociedade Española de Radioloxía Médica, SERAM, ven de ter coñecemento da convocatoria pola empresa MEDTRONIC dun proceso para a adquisición dun TC e unha RM para a área cardiovascular do CHUS.

Segundo a información de que dispoñen, estes equipos de TC e RM van destinarse para o uso exclusivo do servizo de cardioloxía. Este feito significaría a fragmentación na





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/05/2017 18:19**  
**Nº Rexistro: 9512**  
Data envío: 24/05/2017 18:19:41.634

igualdade d@s doentes no acceso ao TC e RM, a priorización segundo a procedencia e non a patoloxía, rompería a equidade. Estableceríase patoloxías de primeira e de segunda.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cales son as circunstancias, as condicións, as causas, as contraprestacións polas que unha empresa provedora habitual do Sergas realiza a doazón de equipamento de TC e RM á sanidade pública?

-Cal é o número de persoas en lista de espera no servizo de radiodiagnóstico do CHUS, desglosada por tipo de probas diagnósticas e data?

-Cal é o número de derivacións a centros privados de probas diagnósticas, desglosadas por probas diagnósticas e data?

-Coida que se garante a integridade, eficiencia dos servizos centrais de radiodiagnóstico no CHUS , así como a igualdade e a equidade no acceso d@s doentes no acceso as exploracións coa instalación de equipos só para un servizo?

-Que actuacións ten previsto realizar para diminuír as amplísimas listas de espera no servizo de radiodiagnóstico do CHUS?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**

**Data asento: 24/05/2017 18:19**

**Nº Rexistro: 9512**

Data envío: 24/05/2017 18:19:41.634

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2017 18:16:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2017 18:17:04**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2017 18:17:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2017 18:17:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2017 18:17:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2017 18:17:20**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a programación cultural da TVG.

“Por que non existimos para a nosa televisión pública que pagamos todas e todos? Nós queremos programas especializados na televisión pública onde o tratamento que se lle dea á música e os músicos sexa o acaído, onde as condicións nas que se desenvolva o noso traballo sexan dignas, que o playback quede desterrado e que a outra opción, a de tocar en directo, non faga realidade o dito de que é peor o remedio que a enfermidade”.

Estas palabras foron pronunciadas pola directiva da Asociación Músic@s ao Vivo no marco dos Premios da Música Martin Códax 2017. A entidade, que congrega cada ano un maior número de bandas e artistas de todos os xéneros musicais desenvolvidos na Galiza, reclamou, entre outras cuestións, presenza nos medios de comunicación públicos a comezar pola TVG. Unha demanda que paradoxicamente foi emitida en diferido pola televisión pública tres días despois de ser pronunciada e a partir das 00.30 horas. Un horario que non fai falta ser persoa experta en medios de comunicación para saber que non é a faixa de maior índice de audiencia da grella.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Progresivamente a CRTVG foi mingando nos últimos anos os espazos culturais, sempre pequenos, que conforman e/ou conformaron a súa programación ficando reducidas a meras seccións no interior de magazines como A Revista ou a un recuncho da segunda canle con apenas 30 minutos de duración co Zig Zag Diario.

No seu interior a música fica engulida, como outros moitos sectores culturais. Falta de tempo, falta de espazo e, uns por outros, silenciada.

Desapareceron proxectos interesantes nos que a música era a protagonista como, Alalá, Os directos da galega ou máis recentemente Musigalité, un programa multiplataforma (TV-Internet) substituído por Musi.gal, que ficou reducido á rede.

A radio e televisión públicas de Galiza son un servizo público que inclúe entre os seus principios inspiradores e como parte do Mandato Marco a “promoción e difusión da cultura e lingua galegas” e o reflexo do pluralismo tamén cultural do noso país. Un obxectivo que non se está a cumprir na actualidade.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

-Por que progresivamente foi desaparecendo da grella da TVG a programación cultural?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Cren que o actual espazo cultural, Zig Zag Diario, con 30 minutos de emisión na segunda canle é suficiente para cumprir co obxectivo de información e promoción da diversidade cultural do noso país que ten encomendada a CRTVG como servizo público?

-Valora a CRTVG na súa reformulación da segunda canle, como anunciou o Director Xeral, contar con novos espazos culturais?

-Ten pensado a CRTVG desenvolver na súa programación algún espazo específico dirixido a artistas e bandas musicais galegas semellantes aos desaparecidos Directos da galega?

-Por que foron suprimidos da grella estes directos?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 10:23:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 10:23:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 10:23:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 10:23:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 10:23:45**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 10:23:48**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O Estatuto de Autonomía, no seu artigo 4º,2 atribúe “ós poderes públicos de Galicia, a función de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos no que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todas e todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

Polo que fai referencia á TVG e a Radiotelevisión de Galicia, é clara a importancia de establecer as maiores garantías en orde precisamente á execución do previsto no artigo 4º, 2 do Estatuto.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social.

O día 10 de maio deste ano emitíase na TVG o documental “Fátima en Galicia”, que segundo a páxina da CRTVG: “céntrese na figura de Lucía dos Santos, considerada como a principal protagonista da aparición da Virxe María na Cova de Iria en Fátima no ano 1917. A peza indaga na vida desta relixiosa que, posteriormente, residiu en conventos de Tui e Pontevedra, onde escribiu sobre novas aparicións marianas que viviu e que foron previamente anunciadas. O programa percorre estes escenarios e analiza os motivos polos que este fenómeno relixioso non alcanzou nestas localidades a mesma proxección que no país veciño”.

Tamén se anunciaba na páxina web da CRTVG esta estrea na TVG2: “*fai 100 anos das aparicións marianas de Fátima e con tal motivo a tvG2*”

 Grupo Parlamentario

*estreará a obra audiovisual “Fátima en Galicia”*. Un documental que narra as experiencias de moitas e moitos rapaces galegos tras a súa peregrinaxe ao santuario portugués. Son cincuenta minutos nos que tamén coñeceremos a historia dun matrimonio de Porto do Son que lle profesan tal devoción á Virxe de Fátima que mesmo teñen unha talla de madeira na súa casa”.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que custo tivo para a CRTVG a produción e realización do documental “Fátima en Galicia”?
2. Cal foi a audiencia deste documental nas diferentes canles e franxas horarias da CRTVG nas que se emitiu?
3. Que motivou á Compañía de Radiotelevisión galega a emitir este documental?
4. Cantas horas dedica á semana a TVG á emisión de programación de carácter relixiosa?
5. Ten previsto a CRTVG producir e emitir durante este ano máis documentais de temática relixiosa?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/05/2017 13:42:42**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 24/05/2017 13:42:48**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**


### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727